

CONVOCATORIA DE PRAZAS PARA O ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA NAS RESIDENCIAS PÚBLICAS UNIVERSITARIAS DOS CAMPUS DA CORUÑA E FERROL

CURSO 2020-2021

A Universidade da Coruña (UDC) convoca **prazas de aloxamento** nas residencias públicas universitarias dos campus da Coruña e de Ferrol para o curso académico 2020-2021 consonte as seguintes

BASES

1.^a SOLICITANTES

Poderá solicitar praza nas residencias públicas da UDC o estudiantado que vaia estar matriculado a tempo completo (segundo o establecido na normativa da convocatoria de bolsas e axudas ao estudo do Ministerio de Educación) que cumpra os requisitos recollidos no **Anexo I** desta convocatoria e que vaia desenvolver a súa actividade académica, durante o curso 2020-2021, nos campus da Coruña ou de Ferrol.

As solicitudes das persoas que non cumpran os requisitos esixidos nesta convocatoria serán excluídas, amais das daquelas persoas que se atopen nalgún dos seguintes casos:

a) Persoas que con data do 30 de xuño de 2020 manteñan cantidades pendentes de pagamento á UDC, en concepto de dereitos de aloxamento do curso 2019-2020.

b) *Residencia Pública Universitaria Elvira Bao (A Coruña)*: como regra xeral, quen tiver o domicilio familiar no municipio da Coruña ou na área metropolitana deste, que comprende os concellos da Laracha, Carballo, Betanzos, Oza-Cesuras, Miño, Curtis, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Bergondo, Sada, Abegondo, Carral, Cerceda e Ordes. Para valorar isto terase en conta a distancia entre o domicilio familiar durante o curso e o centro docente, os medios de comunicación existentes así como as súas frecuencias e os horarios lectivos.

c) *Residencia Pública Universitaria de Ferrol*: como regra xeral, quen tiver o domicilio familiar no municipio de Ferrol ou na área metropolitana deste, que comprende os concellos de Miño, Cabanas, Pontedeume, Fene, Narón, Valdoviño, Neda, Ares, Mugardos e Cedeira. Para valorar isto terase en conta a distancia entre o domicilio familiar durante o curso e o centro docente, os medios de comunicación existentes así como as súas frecuencias e os horarios lectivos.

d) Persoas que superen os límites de renda e patrimonio familiar marcados no real decreto polo que se establezan os límites de renda e patrimonio para obter as bolsas e axudas do Ministerio de Educación no curso 2020-2021 (pendente de publicación), ou cuxa renda persoal dispoñible supere os 13 500 €.

e) Alumnado da UDC que no curso 2020-2021 participe no programa Erasmus, nun programa de intercambio ou nun convenio bilateral de mobilidade.

2.^a NÚMERO DE PRAZAS, PREZOS E DURACIÓN DAS ESTADÍAS

As prazas que se ofertan na Residencia Pública Universitaria da Coruña *Elvira Bao* son 116 sempre que estean garantidas as condicións sanitarias do momento.

Se aumentase o número de prazas dispoñibles, adxudicaranse ás persoas que lle correspondesen da listaxe de agarda.

As prazas que se ofertan na Residencia Pública Universitaria de Ferrol son 25 sempre que estean garantidas as condicións sanitarias do momento.



O tipo de cuarto e os prezos que deberá satisfacer o alumnado recóllense no **Anexo II**.

O período de duración das estadias será do 21 de setembro de 2020 ao 15 de xuño de 2021.

As residencias permanecerán pechadas do 23 de decembro de 2020 ao 8 de xaneiro de 2021 e do 29 de marzo ao 5 de abril 2021 agás que a ocupación acade o 10% das prazas totais de cada residencia, sen que esta circunstancia implique ningunha redución dos prezos.

As prazas nas residencias outorgaráselle ao alumnado con maior puntuación total de acordo cos criterios académicos e económicos que se sinalan nesta convocatoria.

3.ª PROCEDIMENTO, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

a) Alumnos de renovación ou que xa estiveran matriculados algún curso na UDC: cubrirán a solicitude de prazas telematicamente a través da aplicación á que se accede desde a seguinte ligazón:

<https://aplicacions.sic.udc.es/SolicitudResidencias> e imprimirán a solicitude ao finalizar.

b) Alumnos que vaian matricularse por primeira vez na UDC: cubrirán a solicitude de prazas a través do formulario que figura como Anexo V (Residencia A Coruña) e VI (Residencia Ferrol) ao final desta convocatoria.

Para o alumnado que non é de primeiro, a documentación requirida no Anexo III subírase xunto coa solicitude á plataforma.

*Para o alumnado de primeiro unha vez impreso/cuberto o formulario, a persoa solicitante deberá asinalo, **xunto cos demais membros computables da unidade familiar**, e presentalo xunto coa documentación esixida nos anexos desta convocatoria en:*

a) A Coruña: na Sección de Bolsas, Pavillón de Estudantes (campus de Elviña);

b) Ferrol: no SAPE, Edificio Apoio ao Estudo (campus de Esteiro);

c) ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Admitirase unha única solicitude por persoa.

O prazo de presentación contará desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC até o **día 31 de xullo de 2020**.

4.ª TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES

Unha vez que remate o proceso de avaliación de solicitudes, publicaranse as relacións provisionais de persoas admitidas, xunto coa puntuación acadada, e de solicitudes excluídas, xunto coa causa da exclusión.

As persoas excluídas disporán dun prazo de cinco días hábiles para achegaren a documentación que permita emendar os erros que se apreciaren. Posteriormente publicaranse as relacións definitivas de persoas admitidas nas residencias, persoas que pasan á listaxe de agarda e persoas excluídas.

Todas estas listaxes publicaranse na Sede Electrónica da UDC.

5.ª ACEPTACIÓN, ENTREGA E DEVOLUCIÓN DA FIANZA

O estudiantado a quen lle sexa concedida unha praza nas residencias públicas universitarias dos campus da Coruña ou de Ferrol, deberá depositar unha fianza por importe de 150 € no caso de ocupar un cuarto dobre, e de 200 € no caso de lle corresponder un cuarto individual, no prazo de cinco días hábiles, dende a publicación da listaxe definitiva de persoas

admitidas.

O ingreso farase á conta xeral da UDC: IBAN: ES83-0049-0007-2326-1207-1316

No concepto figurará: FIANZA Resid. Univ. Pública Elvira Bao-A Coruña / FIANZA Resid. Univ. Pública de Ferrol, segundo o caso + DNI e nome completo da persoa adxudicataria da praza.

Deberá enviar o xustificante do ingreso da fianza, por correo electrónico a: bolsas@udc.gal

A recepción do xustificante servirá como confirmación da aceptación da praza por parte da persoa adxudicataria, que tamén deberá asinar o documento de aceptación das condicións xerais que rexen o aloxamento nas residencias e os protocolos sanitarios establecidos durante a súa permanencia na residencia. Se non cumprise algún destes trámites, entenderase que renuncia á praza que se lle concedeu e procederase a cubrila coa persoa que lle corresponda da listaxe de agarda.

A fianza devolverase ao final do curso, agás naqueles casos en que o/a alumno/a deteriorase as instalacións ou a moblaxe da residencia, teña pendentes débedas ou abandone a residencia por decisión propia antes de rematar o curso.

A asignación dos cuartos efectuarase nas residencias.

6.ª PERDA DO DEREITO Á PRAZA

Ademais dos que se recollen noutros apartados desta convocatoria, serán motivos de perda do dereito á praza que se conceda os seguintes:

- a) O atraso no pagamento das cotas da residencia en máis de dous meses.
- b) A cesión de calquera tipo a outra persoa da praza que se lle concedeu.
- c) A anulación ou suspensión da matrícula na UDC.
- d) A modificación da matrícula, se debido a isto, o/a estudante deixa de estar matriculado/a a tempo completo (segundo o disposto na base 1.ª).
- e) O incumprimento dos protocolos sanitarios durante a permanencia na residencia.

COMPROBACIÓN DE DATOS

A Universidade poderá obter os datos necesarios para a verificación do cumprimento dos requisitos de renda e patrimonio das administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña. No caso de existir oposición, ou que as administracións públicas non dispoñan de datos ou existan dificultades técnicas que impidan a súa cesión, a persoa solicitante deberá presentar os documentos que acheguen información sobre a renda e o patrimonio da unidade familiar

Polo tanto, rematado o proceso de adxudicación de prazas, a UDC verificará na Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) a exactitude dos datos económicos achegados polos solicitantes. De existiren discrepancias no tocante aos datos declarados, procederase á revogación da praza concedida.

As prazas adxudicadas serán revogadas en calquera caso cando non se cumpran os requisitos establecidos, cando exista unha ocultación ou un falseamento nos datos achegados ou por aquela circunstancia sobrevida que faga que a persoa beneficiaria deixe de reunir os requisitos esixidos.

A UDC poderá determinar que se produciu a ocultación ou o falseamento de informacións por calquera medio de proba, e, en particular, mediante os datos que obren en poder de calquera administración pública.

A UDC tamén poderá denegar a praza ou proceder á súa revogación no caso de detectar



unidades familiares que xustifiquen uns ingresos que obxectivamente estean por debaixo do seu nivel de gastos, se non acreditan os medios de vida con que contan.

7.ª RÉXIME XURÍDICO DESTA CONVOCATORIA

Aplicarase como lexislación supletoria o Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas; o real decreto polo que se establezan os límites de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo para o curso 2020-2021 (pendente de publicación); e a convocatoria de bolsas de carácter xeral destinadas ao estudantado universitario do Ministerio de Educación para o curso 2020-2021 (tamén pendente de publicación).

8.ª AUTORIZACIÓN PARA OBTEN DATOS DA AEAT

A presentación da solicitude de praza nas residencias públicas implicará a autorización á UDC para obter e verificar, a través das correspondentes administracións tributarias, os datos precisos para determinar a renda dos membros computables da unidade familiar da persoa solicitante. Así mesmo, comportará que a UDC quede autorizada para comprobar aquelas outras situacións acreditativas das situacións persoais alegadas cuxa información estea en poder dalgunha administración pública.

9.ª PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co que está previsto no "Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos" e na "Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais", informamos de que os datos solicitados nesta convocatoria son necesarios para a tramitación das solicitudes e poderán ser obxecto de tratamento automatizado.

Segundo o artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, vostede ten dereito a lle solicitar á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a se opoñer ao devandito tratamento, así como a solicitar, agás casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos. Poderá exercer estes dereitos por medio dunha solicitude remitida ao seguinte enderezo: R/ Maestranza 9, 15001, A Coruña ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto xunto cunha fotocopia do seu DNI. Tamén poderá dirixir a solicitude directamente ao delegado de protección de datos cuxa identidade e datos de contacto son: Luz María Puente Aba, R/ A Maestranza 9, 15001 A Coruña (España), teléfonos: 881011605 e 881011161, correo-e: dpd@udc.gal. Igualmente ten vostede dereito a presentar a súa reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos

10.ª DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

Para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta convocatoria e os sucesivos actos do procedemento a que atinxe, cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicados no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

Se como consecuencia da situación da crise sanitaria ocasionada pola Covid-19, fose preciso unha redistribución á baixa na asignación das prazas dispoñibles ou o establecemento de medidas nas instalacións das residencias universitarias, autorízase á vicerreitora de Estudantado, Participación e Empregabilidade e mais á vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social para realizaren a distribución á baixa na asignación das prazas dispoñibles.

A Coruña, 29 de xuño de 2020.

O reitor

Julio E. Abalde Alonso



ANEXO I. REQUISITOS XERAIS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS SOLICITANTES

1) Requisitos para solicitar a admisión

a) *Residencia Pública Universitaria da Coruña, Elvira Bao*: como regra xeral o domicilio familiar deberá estar fora do municipio da Coruña ou da súa área metropolitana, que comprende os municipios da Laracha, Carballo, Betanzos, Oza-Cesuras, Miño, Curtis, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Bergondo, Sada, Abegondo, Carral, Cerceda e Ordes. Para valorar isto terase en conta a distancia entre o domicilio familiar durante o curso e o centro docente, os medios de comunicación existentes así como as súas frecuencias e os horarios lectivos

b) *Residencia Pública Universitaria de Ferrol*: como regra xeral o domicilio familiar deberá estar fóra do municipio de Ferrol ou da súa área metropolitana, que comprende os municipios de Miño, Cabanas, Pontedeume, Fene, Narón, Valdoviño, Neda, Ares, Mugardos e Cedeira. Para valorar isto terase en conta a distancia entre o domicilio familiar durante o curso e o centro docente, os medios de comunicación existentes así como as súas frecuencias e os horarios lectivos

Para a adxudicación das prazas requirirase que a persoa solicitante acredite que por razón da distancia do domicilio familiar ao centro docente e os medios de comunicación existentes, ten que residir fóra do domicilio familiar durante o curso.

2) Requisitos para o estudantado de nova admisión e de continuación de estudos nos graos e másteres universitarios oficiais

Matricularse a tempo completo en calquera dos graos ou mestrados universitarios oficiais que oferta a UDC no curso 2020-2021, ben nos centros do campus de Ferrol ou ben nos centros do campus da Coruña.

O estudantado que acceda por primeira vez aos estudos universitarios a través das probas de avaliación do bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) deberá obter nas devanditas probas unha cualificación igual ou superior a 5, excluída a nota da fase específica. No caso do alumnado que acceda por primeira vez a estudos universitarios por outros medios, deberá ter unha nota media igual ou superior a 5 nos estudos que lle dean acceso á universidade.

O alumnado que continúe os seus estudos nun grao ou mestrado universitario oficial da UDC deberá ter como mínimo a media seguinte:

- a) En estudos de ensinanza técnica: 3,5
- b) Nos restantes estudos universitarios e superiores: 4

En todos os casos a puntuación académica calcularase en base 10 e estará referida á convocatoria de xullo de 2020.

Para o cálculo da nota media en base 10 aplicaranse estas regras:

- a) As cualificacións computaranse de acordo co seguinte baremo:
 - Mención de matrícula de honra (sobresaliente e mención), 10 puntos
 - Sobresaliente (entre 9 e 10 puntos), 9 puntos
 - Notable (entre 7 e 8,9 puntos), 7,5 puntos
 - Aprobado ou apto (entre 5 e 6,9 puntos), 5,5 puntos
 - Suspenso, non presentado, renuncia, anulación de convocatoria, 2,5 puntos
- b) Cando se trate de plans de estudo organizados en créditos, a puntuación que resulta de



aplicar o baremo anterior a cada materia ponderarase en función do número de créditos que a integren, de acordo coa seguinte formula:

$$V = \frac{P \times NC_a}{NC_t}$$

Onde:

V é o valor resultante da ponderación da nota media obtida en cada materia.

P é a puntuación de cada materia segundo o baremo establecido no apartado anterior.

NC_a é o número de créditos da materia.

NC_t é o número de créditos cursados e que teñen a consideración de computables nesta convocatoria.

Os valores resultantes da aplicación da fórmula sumaranse e o resultado será a nota media final.

No caso daqueles estudantes que non estiven matriculados na UDC no curso 2019-2020, os requisitos académicos esixiránelles respecto ao último curso realizado.

4) Requisitos para a renovación das prazas de aloxamento

A renovación será preferente nos seguintes casos:

- a) Se as persoas solicitantes cumpren os requisitos académicos recollidos neste anexo da convocatoria.
- b) Se non existe ningún informe negativo da residencia en que estivesen aloxadas.
- c) Se manteñen unhas condicións económicas similares ás que permitiron a obtención da praza no curso anterior.

5) Reserva de prazas

a) No caso da **Residencia Pública Universitaria (Ferrol)**:

- Un 20% das prazas resérvase para o alumnado que inicie os seus estudos en primeiro curso por primeira vez
- Resérvanse dúas prazas gratuítas para ofrecelas en convenios asinados pola UDC que así o recollan nas súas cláusulas. De non se cubriren, acumularíanse á cota xeral.
- Resérvanse dúas prazas para o estudantado de intercambio internacional que estea de estadía na nosa universidade. No caso de quedaren prazas vacantes, esta porcentaxe poderá ampliarse e de non cubrirse, acumularíase á cota xeral.

b) No caso da **Residencia Pública Universitaria Elvira Bao (A Coruña)**:

- Un 20% das prazas resérvase para o alumnado que inicie os seus estudos en primeiro curso por primeira vez.
- Resérvanse dúas prazas individuais para persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, asociada a dificultades na súa mobilidade, que requiran dun cuarto adaptado.
- Resérvanse dúas praza gratuíta para ofrecela en convenios asinados pola UDC que así o recollan nas súas cláusulas. De non se cubriren, acumularíase á cota xeral.



- Resérvanse 6 prazas para o estudiantado de intercambio internacional que estea de estadia na nosa universidade. No caso de quedaren prazas vacantes, esta porcentaxe poderá ampliarse e de non cubrirse, acumularíase á cota xeral.
- Reservaranse dúas prazas a deportistas de alto nivel. Considerase deportista de alto nivel: Ter sido seleccionado para representar o noso país nos Xogos Olímpicos de 2016 ou cumprir con algún dos seguintes apartados desde a data límite de presentación de solicitudes até un ano anterior:
 - Ser na actualidade un/ha deportista de alto nivel ou alto rendemento, de conformidade co establecido no Real decreto 971/2007, do 13 de xullo.
 - Ser na actualidade un/ha deportista galego/a de alto nivel (DGAN), de conformidade co establecido no Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro.
 - Quedar clasificado/a nos tres primeiros postos en campionatos oficiais nacionais de máxima categoría durante o curso académico 2019-2020. Ser seleccionado/a para representar o noso país en campionatos de Europa, do Mundo de competicións oficiais, e ou universitarias FISU e Xogos do Mediterráneo.
 - Quedar clasificado/a nos tres primeiros postos nos campionatos de España universitarios ou en campionatos universitarios internacionais, no curso académico 2019-2020 en representación da Universidade da Coruña.

No caso de resultaren prazas vacantes poderán serlles concedidas ás persoas solicitantes que non cumpran coa nota media esixida no seu caso. Concederanse en primeiro lugar ás que fosen residentes no curso anterior, empezando polas de nota media máis alta, e a continuación aos solicitantes de nova admisión, empezando polos de renda dispoñible máis baixa.

6) Aquel alumnado con praza concedida no marco desta convocatoria e que teña concedida a *contía fixa ligada a residencia* da convocatoria de bolsas de carácter xeral do Ministerio de Educación, do Goberno Vasco ou de calquera outro organismo, así como calquera outra axuda ou bolsa que teña a mesma finalidade, aboará mensualmente o prezo da praza fixado no Anexo II, xa que en ningún caso o importe concedido na bolsa para esta finalidade, poderá ser superior ao custo real do servizo, de acordo do que establece o artigo 19.3 da Ley 38/2003 de 17 de novembro General de Subvenciones

ANEXO II. NÚMERO, TIPO E PREZOS DAS PRAZAS

Residencia Pública Universitaria Elvira Bao (campus da Coruña)

Praza Museo Nacional de Ciencia, 3
15011 A Coruña

Ofértanse 116 prazas: 2 en cuarto individual destinadas ao alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, asociada a dificultades na súa mobilidade, que requira dun aloxamento adaptado; e **114 en cuarto dobre (non mixtas)**

As prazas serán outorgadas de acordo coa puntuación total obtida pola persoa solicitante conforme aos criterios académicos e económicos establecidos nas bases desa convocatoria:

Prezos por praza (euros/mes) que aboará o estudantado:

NÚMERO DE PRAZAS	TIPO DE CUARTO	ESTUDANTADO SEN BOLSA	ESTUDANTADO CON BOLSA*
2	Individual	138 €/mes	230 €/mes
114	Dobre	108 €/mes	200 €/mes

No prezo inclúense os consumos de calefacción, electricidade, auga e conexión wi-fi.

Para as persoas adxudicatarias dunha praza reservada para persoas con discapacidade que precisen os servizos dun/dunha asistente persoal para garantir a súa autonomía, facilitarase, sen custo adicional, outra cama dentro do mesmo cuarto.

Residencia Pública Universitaria (campus de Ferrol)

Rúa Sánchez Barcaiztegui, s/n
15401 Ferrol

Ofértanse 25 prazas: 15 en cuarto individual e 10 en cuarto dobre (non mixtos)

As prazas serán outorgadas de acordo coa puntuación total obtida pola persoa solicitante conforme aos criterios académicos e económicos establecidos nas bases desta convocatoria.

Prezos por praza (euros/mes) que aboará o estudantado:

NÚMERO DE PRAZAS	TIPO DE CUARTO	ESTUDANTADO SEN BOLSA	ESTUDANTADO CON BOLSA*
15	Individual	138 €/mes	230 €/mes
10	Dobre	108 €/mes	200 €/mes

No prezo inclúense os consumos de calefacción, electricidade, auga e conexión wi-fi.

Na solicitude de praza nesta residencia o alumnado deberá marcar se prefire ocupar un cuarto individual ou dobre mediante a opción de 1 e 2. No caso de lle ser indiferente, sinalará: 1 individual, 2 dobre, que significará que se non conseguise un cuarto individual aceptaría ocupar outro dobre. De se marcar só unha opción, non se considerará a seguinte.



ANEXO III. DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACHEGAR COAS SOLICITUDES

1) Documentación xeral

- a) Copia DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar maiores de 14 anos. No caso dos membros da unidade familiar menores de 14 anos, copia libro de familia.
- b) Certificado de convivencia do concello en que figuren empadroados todos os membros computables da unidade familiar.
- c) Documentación acreditativa que dá dereito a dedución no cálculo da renda:
 - o As persoas con discapacidade: certificado de cualificación da discapacidade
 - o Título de familia numerosa
 - o Acreditación de orfandade absoluta

2) Documentación académica

- a) O estudantado procedente do bacharelato que se incorpore por primeira vez á UDC deberá achegar o documento acreditativo da cualificación final obtida nas probas da ABAU, se non as superou no Sistema Universitario Galego (copia da tarxeta).
- b) O estudantado procedente de ciclos formativos de grao superior que se incorpore por primeira vez á UDC deberá achegar unha certificación académica persoal dos estudos que lle dean acceso á universidade, se non o superou na Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) O estudantado de grao ou mestrado universitario oficial que no curso 2019-2020 estivese matriculado nunha universidade distinta á UDC deberá presentar unha certificación persoal dos estudos realizados.

3) Documentación económica

- a) Copia completa da declaración da renda das persoas físicas referida ao exercicio 2019 dos membros que constitúan a unidade familiar a que pertence a persoa solicitante, xunto coa folla de liquidación do ingreso selado pola entidade bancaria ou a correspondente delegación da AEAT, conforme foi presentada, ou ben a constatación de tela presentada pola internet.
- b) No caso de a unidade familiar non ter a obriga de presentar a declaración da renda, deberá achegarse, segundo sexa o caso, a seguinte documentación:
 - Certificado de imputación da renda expedido pola AEAT correspondente ao exercicio 2019 dos membros que constitúen a unidade familiar á que pertence a persoa solicitante.
 - Certificado de prestacións e subsidios de desemprego percibidos durante o ano 2019, expedidos polo Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE)
 - Xustificantes de ingresos do 2019 exentos IRPF (RISGA, pensión de orfandade, pensión de discapacidade...)
 - Documentación acreditativa dos ingresos percibidos no estranxeiro polos membros da unidade familiar no ano 2019
 - No caso dos pensionistas, copia do xustificante anual da/s pensión/s

c) De ser o caso deberase achegar tamén os seguintes documentos:

- Copia da sentenza de separación ou divorcio e convenio regulador
- Copia da acta de constitución de sociedades e do imposto de sociedades

Rematado o proceso de adxudicación das prazas, a UDC verificará na AEAT a exactitude dos datos económicos achegados pola persoa solicitante. Procederase á revogación da axuda no caso de haber discrepancias cos datos declarados.

ANEXO IV. BAREMO PARA A AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES DE PRAZA

A puntuación total será a suma das puntuacións académica e económica obtidas consonte os seguintes criterios:

1) Puntuación académica

No caso dos estudantes que inician estudos universitarios a puntuación académica será a cualificación obtida nas probas da ABAU, excluída a nota da fase específica. No caso de que se acceda á universidade sen ABAU, a puntuación académica será a media do expediente dos estudos que lle dean acceso á universidade á persoa solicitante.

Para o resto do estudantado de grao e mestrado universitario oficial, a puntuación académica será a nota media calculada consonte o especificado na epígrafe 2 do Anexo I desta convocatoria.

2) Puntuación económica

A puntuación económica outorgarase en función da renda persoal dispoñible definida como a renda familiar da persoa solicitante, calculada segundo sinale o real decreto polo que se establezan os límites de renda e patrimonio familiar e as contías de bolsas e axudas ao estudo para o curso 2020-2021 (pendente de publicación), así como a convocatoria de bolsas de carácter xeral para o curso 2020-2021 do Ministerio de Educación, e dividida entre o número de membros da unidade familiar. Na táboa seguinte poden verse as equivalencias:

RENDA PERSOAL DISPOÑIBLE (RPD)	PUNTOS
Por debaixo de 3771 euros	4
Entre 3771,00 e 4822,66 euros	3,6
Entre 4822,67 e 5874,33 euros	3,2
Entre 5874,34 e 6926,00 euros	2,8
Entre 6926,01 e 7977,67 euros	2,4
Entre 7977,68 e 9029,34 euros	2
Entre 9029,35 e 10 081,01 euros	1,6
Entre 10 081,02 e 11 132,68 euros	1,2
Entre 11 132,69 e 12 184,35 euros	0,8
Entre 12 184,36 e 13 236,00 euros	0,4
Superior a 13 236,00 euros	0

3) Puntuación por discapacidade

A Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria poderá conceder unha puntuación adicional de entre 0 e 4 puntos ás persoas solicitantes de acordo co seu grao de discapacidade e as implicacións deste na súa mobilidade e no seu desenvolvemento das actividades cotiás. Esta puntuación sumarase á obtida de acordo co seguinte baremo:

- Grao de discapacidade do 33%: 1 punto
- Grao de discapacidade entre o 34% e o 50%: 2 puntos
- Grao de discapacidade entre o 51% e o 75%: 3 puntos
- Grao de discapacidade superior ao 75%: 4 puntos



rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a se opoñer ao devandito tratamento, así como a solicitar, agás casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos. Poderá exercer estes dereitos por medio dunha solicitude remitida ao seguinte enderezo: R/ Maestranza 9, 15001, A Coruña ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto xunto cunha fotocopia do seu DNI. Tamén poderá dirixir a solicitude directamente ao delegado de protección de datos cuxa identidade e datos de contacto son Pintos & Salgado Abogados S.C.P., avda. de Arteixo, 10 – 1º esq., 15004 A Coruña (España), teléfono: 981227076, correo-e dpd@udc.gal

